

Corpo ou escala: auxiliar da Xunta de Comunidades de Castela-A Mancha.

NRP: 3499359175 A2294.

Subgrupo: C2.

Datos do posto de traballo:

Denominación: secretaria de director/a xeral.

Nivel: 18.

Código do posto: EFC070000015770001.

Centro directivo ou dependencia: Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios.

Localidade: Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Resolución do 12 de decembro de 2008 pola que se lle dá publicidade ao acordo do tribunal encargado de avaliar as probas para a obtención e renovación do certificado de conselleiro de seguridade CE, convocadas por resolución da Dirección Xeral de Transportes do 28 de febreiro de 2008, polo que se elevan a definitivas as relacións provisionais de aprobados.

Publicadas o 10 de novembro de 2008 as relacións provisionais de aprobados correspondentes ás probas de obtención e renovación do certificado de conselleiro de seguridade CE, convocadas por resolución da Dirección Xeral de Transportes do 28 de febreiro de 2008; transcorrido o prazo establecido para presentar as correspondentes reclamacións e unha vez examinadas, este tribunal

ACORDA:

Primeiro.-Eleva a definitivas as relacións provisionais de aprobados.

Segundo.-Expoñer as devanditas relacións nos lugares establecidos para o efecto na resolución de convocatoria.

Tercero.-Que se publique este acordo no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución pode interpoñerse recurso de alzada ante a directora xeral de Transportes (CPTOPT) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* deste acordo. Transcorridos tres meses desde a interposición do recurso sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado e quedará expedita a vía procedente.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2008.

Xosé Lluís Fernández Suárez
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 18 de decembro de 2008 pola que se convoca concurso de traslados entre profesorado de relixión que presta servizos nos centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Por Orde do 17 de xullo de 2007 regúlase a relación laboral do profesorado de relixión e dítanse instrucións relativas á provisión de postos. No artigo 6º da citada orde prescribíse que, a partir do inicio do curso académico 2009/2010, as vacantes de relixión que se produzan nos centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria serán ofertadas a provisión, mediante concurso de traslados anual, entre o profesorado de relixión que presta servizos no correspondente nivel educativo na Comunidade Autónoma de Galicia e que posúa o nivel de formación de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente. Así mesmo, establécese que este concurso se convocará en datas similares ás convocatorias que se realicen para a provisión de postos correspondentes aos funcionarios docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

De conformidade coa Orde do 17 de xullo de 2007 e, existindo postos vacantes nos centros docentes, que se deben prover entre profesorado de relixión dos niveis educativos que a continuación se citan, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dispón convocar concurso de traslados coas seguintes bases:

Primeira.-*Obxecto.*

Convócase concurso de traslados, de acordo coas especificacións que se citan nesta orde, para a provisión de postos vacantes entre profesorado de relixión dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dos niveis educativos:

-Educación infantil e primaria.

-Educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Segunda.-*Publicación de postos vacantes.*

As vacantes provisionais do concurso publicaranse con anterioridade ou o mesmo día no que se inicia o prazo de solicitudes previsto na base décima desta convocatoria e as vacantes definitivas con anterioridade á resolución definitiva do concurso no *Diario Oficial de Galicia*.

Ao abeiro desta orde convócanse, ademais das vacantes previstas no momento da convocatoria, as que produzan por xubilación forzosa por cumprimento dos sesenta e cinco anos de idade, as que se produzan, por calquera circunstancia, ata o 31 de xullo de 2009, e as que resulten da resolución deste concurso, sempre que correspondan con prazas que teñan o seu funcionamento previsto na planificación xeral educativa.

As prazas que non sexan de horario completo serán, en todo caso, de adxudicación voluntaria.

Terceira.-Participación voluntaria do persoal laboral indefinido de relixión.

1. Poderá participar neste concurso o profesorado de relixión con contrato laboral indefinido, en situación de servizo activo ou de excedencia por coidado de fillas, fillos e familiares, que preste servizos en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. O profesorado de relixión que imparte os niveis educativos de educación infantil e primaria poderá solicitar as prazas das localidades e os centros que figurarán no anexo I da orde pola que se aproben as relacións de postos de traballo do profesorado de relixión. A petición de localidade implica que se solicitan todos os centros dela pola orde que aparezan relacionados no anexo I.

3. O profesorado de relixión que imparte os niveis educativos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato poderá solicitar as prazas das localidades e os centros que figurarán no anexo II da orde pola que se aproben as relacións de postos de traballo do profesorado de relixión. A petición de localidade implica que se solicitan todos os centros dela pola orde que aparezan relacionados no anexo II.

4. O profesorado de relixión que participe no concurso de traslados farao desde o centro ou centros de destino definitivo que se especifiquen na aprobación da relación de postos de traballo do profesorado de relixión.

5. Neste concurso de traslados non se exixirá ningún período de permanencia previa no centro ou centros de destino desde os que se participa.

6. Os que desexen exercer un dereito preferente para a obtención de destino deberán aterse ao que se determina na base sétima desta convocatoria.

7. O profesorado desprazado por falta de horario que obteña destino neste concurso de traslados terá un dereito de retorno ao centro de procedencia. Así mesmo, terá dereito preferente á localidade ou zona educativa na que se encontraba o centro de procedencia.

Cuarta.-Participación voluntaria do persoal laboral temporal de relixión.

1. Poderán, así mesmo, participar neste concurso de traslados o profesorado de relixión con contrato laboral temporal, que preste ou prestase servizos en centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e se manteña nas listas de persoal laboral temporal de profesorado de relixión. Para os efectos, enténdese que prestaron servizos todas aquelas persoas que, correspondéndolles unha interinidade ou substitución, non tomaron posesión dela por unha das causas previstas na addenda do 11 de xullo de 2006.

2. O profesorado de relixión con contrato laboral temporal que imparte os niveis educativos de educación infantil e primaria poderá solicitar as prazas das localidades e os centros que figurarán no anexo I da orde pola que se aprobe a relación de postos de traballo do profesorado de relixión. A petición de localidade implica que se solicitan todas as prazas dela pola orde na que aparezan relacionados no anexo I.

3. O profesorado de relixión con contrato laboral temporal que imparte os niveis educativos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato poderá solicitar as prazas das localidades e os centros que figurarán no anexo II da orde pola que se aprobe a relación de postos de traballo do profesorado de relixión. A petición de localidade implica que se solicitan todas as prazas dela pola orde na que aparezan relacionados no anexo II.

Quinta.-Participación forzosa no concurso de traslados.

Están obrigados a participar neste concurso o profesorado de relixión con contrato laboral indefinido que resultase desprazado por falta de horario, do seu centro de destino no actual curso académico 2008-2009.

Enténdese que está tamén desprazado por falta de horario o profesorado que, en virtude da aprobación da relación de postos de traballo do profesorado de relixión, quede sen destino definitivo.

Nos supostos nos que se deba determinar entre varios profesores de relixión quen é o afectado por unha circunstancia que implica a perda do destino que viñan desempeñando, se ningún deles opta voluntariamente polo cesamento, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

- a) Menor antigüidade ininterrompida, como definitivo, no centro.
- b) Menor tempo de servizos como profesor de relixión no nivel educativo correspondente.
- c) Menor tempo de servizos como profesor de relixión
- d) A menor existencia de cargas familiares, nomeadamente, menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas.

O profesorado desprazado por falta de horario estará obrigado a solicitar praza nun radio de 50 km desde o seu centro base de referencia. O profesorado desprazado por falta de horario no nivel educativo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato estará obrigado a solicitar tamén as prazas que, estando na mesma distancia, se relacionan no anexo I da orde pola que se aprobe a relación de postos de traballo do profesorado de relixión.

O profesorado de relixión desprazado por falta de horario que non obteña destino definitivo na resolución do concurso de traslados será destinado provisionalmente pola Consellería de Educación e Orde-

nación Universitaria en prazas nun radio de 50 km desde o seu centro base de referencia.

Sexta.-Requisito de coñecemento da lingua galega.

De conformidade co establecido no artigo 6 da Orde do 17 de xullo de 2007, para participar no concurso de traslados o profesorado de relixión terá que acreditar a capacitación en lingua galega, debendo estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 4), da súa validación ou títulos equivalentes.

Sétima.-Dereito preferente a localidade ou zona educativa.

Terá dereito preferente á localidade ou zona educativa na que estea situado o centro de destino definitivo o profesorado de relixión desprazado deste no curso académico 2008/2009 por falta de horario ou que perda o seu destino definitivo na aprobación da relación de postos de traballo do profesorado de relixión.

Para que o dereito preferente teña efectividade, os solicitantes están obrigados a consignar na súa solicitude de participación en primeiro lugar todas as prazas correspondentes aos centros convocados no concurso de traslados dentro da localidade ou zona educativa na cal aspiren a exercer o dereito preferente, relacionados por orde de preferencia.

Ao profesorado de relixión concursante polo punto de dereito preferente á localidade ou zona educativa, no caso de que omitise algunha das prazas da localidade onde desexe exercer o dereito preferente, a Administración educativa, de oficio, consignaralle as prazas restantes da dita localidade ou zona educativa.

Oitava.-Forma de participación.

1. O persoal concursante presentará unha única instancia, acompañada dunha folla de alegacións e autobaremación, axustada ao modelo que se encontrará á disposición das interesadas e interesados na páxina (www.edu.xunta.es), en profesorado, sección de concursos de traslados e simultaneamente presentarán para a demostración dos méritos os documentos relacionados no baremo que aparece como anexo I desta orde, en cada un dos cales deberán facerse constar o nome e apelidos.

2. A solicitude dirixirase á Secretaria Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3. A solicitude deberá efectuarse por internet a través da páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, www.edu.xunta.es. A solicitude, que deberá imprimirse desde a propia aplicación web, poderá presentarse no propio centro educativo no que se prestan servizos. Neste caso, o centro procederá a remitir a solicitude á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

4. Todas as fotocopias que se remitan deberán ir acompañadas das dilixencias de compulsa, expedi-

das das polas direccións dos centros educativos, ou das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Non se admitirá ningunha fotocopia que careza da dilixencia de compulsa.

5. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá requirir ao interesado ou interesada, en calquera momento, a xustificación daqueles méritos alegados e que non foran debidamente xustificadas.

Novena.-Presentación de solicitudes.

As instancias, orixinal e copia, así como a documentación á que se alude no punto anterior, poderanse presentar nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, na secretaría do centro educativo onde presta servizos o concursante ou en calquera das dependencias ás que alude o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que optasen por presentar a súa solicitude nunha oficina de correos, farano en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario ou funcionaria de correos antes de ser certificada.

O profesorado que participe neste concurso de traslados deberá asinar as instancias e deberá manifestar nelas, de modo expreso, que reúne os requisitos exixidos na convocatoria, consignando as prazas que solicita por orde de preferencia, cos números de código que figuran nos anexos da orde pola que se aprobe a relación de postos de traballo do profesorado de relixión.

Décima.-Prazo de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes e documentos será de 15 días hábiles computados desde a publicación da relación de postos de traballo do profesorado de relixión. Finalizado este prazo non se admitirá ningunha solicitude.

Unha vez concluído o prazo de presentación de instancias non se admitirá ningunha modificación ás peticións formuladas. Non obstante, admitiráselles renuncia a participar no concurso de traslados aos concursantes con carácter voluntario no prazo establecido para as reclamacións á lista provisional, na base décimo terceira, entendendo que tal renuncia afecta todas as peticións consignadas na súa instancia de participación, sen que se admitan renuncias parciais.

Décimo primeira.-Asignación de puntuación ao persoal concursante.

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes levarase a efecto por unha comisión constituída por persoal funcionario destinado na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira, para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño),

modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (DOG do 18 de xullo).

Así mesmo poderá asistir á resolucións das reclamacións un representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial docente non universitaria con voz e sen voto.

O persoal laboral temporal concorrerá con cero puntos, e pola orde que teñan na correspondente relación de aspirantes a acceder a prazas de interinidades e substitucións de relixión.

Décimo segunda.-Resolución provisional do concurso.

Unha vez asignadas as puntuacións que lle corresponde ao persoal concursante, procederase, conforme as peticións e os méritos dos participantes, á adxudicación de destinos. As puntuacións e a resolución provisional do concurso faranse públicos na páxina web desta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (www.edu.xunta.es) e nas súas delegacións provinciais.

No caso de producirse empates no total das puntuacións, estes resolveranse atendendo sucesivamente a maior puntuación en cada un dos puntos do baremo conforme a orde na que aparecen nel. Se persistise o empate, atenderase á puntuación obtida nas distintas subepígrafes pola orde na que aparecen no baremo. En ambos os casos, a puntuación que se tome en consideración en cada epígrafe non poderá exceder da puntuación máxima establecida para cada un deles no baremo, nin, no suposto de subepígrafes, o que corresponda como máximo á epígrafe na que se encontren incluídos. Cando ao aplicar estes criterios, algunha ou algunhas das subepígrafes alcance a máxima puntuación outorgada á epígrafe a que se pertence, non se tomarán en consideración as puntuacións do resto de subepígrafes.

Ao profesorado de relixión desprazado por falta de horario do nivel educativo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato que non obteña destino neste nivel educativo adxudicaráselle, se é o caso, praza no nivel educativo de educación infantil e primaria, unha vez resolto o concurso de traslados entre o profesorado deste nivel educativo que ten contrato laboral indefinido. Así mesmo, ao profesorado de relixión desprazado por falta de horario do nivel educativo de educación infantil e primaria que non obteña destino neste nivel educativo adxudicaráselle, se é o caso, sempre que reúna os requisitos exixidos, praza no nivel educativo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, unha vez resolto o concurso de traslados entre o profesorado deste nivel educativo que ten contrato laboral indefinido.

Décimo terceira.-Reclamacións e renuncias.

O persoal concursante poderá presentar reclamacións ás resolucións provisionais, a través do órgano no que presentaron a súa instancia de participación, no prazo de cinco días a partir da súa exposición.

Sen prexuízo do parágrafo anterior, o profesorado de relixión concursante poderá presentar reclamación á puntuación outorgada, con anterioridade á resolución provisional do concurso, unha vez que se fagan públicas na páxina web desta consellería.

Así mesmo, no mesmo prazo, poderán presentar renuncia á súa participación no concurso nas condicións establecidas na base décima desta convocatoria. Estas reclamacións e renuncias presentaranse polos procedementos a que alude a base novena.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non facelo, poderán obter destino na resolución definitiva.

Décimo cuarta.-Resolución definitiva.

Consideradas as reclamacións e renuncias a que se refire a base anterior, a secretaría xeral procederá a ditar as resolucións definitivas destes concursos de traslados. A dita resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (www.edu.xunta.es). As prazas adxudicadas na dita resolución son irrenunciabes, debendo incorporarse os participantes ás prazas obtidas.

Décimo quinta.-Recursos.

Contra a resolución definitiva deste concurso os interesados e interesadas poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes segundo establecen os artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Décimo sexta.-Toma de posesión.

A toma de posesión dos novos destinos terá efectividade administrativa do 1 de setembro de 2009. Non obstante, de ser o caso, o profesorado que obtivera destino nestes concursos deberá permanecer nos seus centros de orixe ata que conclúan as actividades imprescindibles previstas para a finalización do curso.

Décimo sétima.-Contrato de persoal laboral indefinido.

O profesorado de relixión con contrato laboral temporal que obteña destino definitivo neste concurso de traslados pasará a ter contrato de persoal laboral indefinido.

Décimo oitava.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

I. Experiencia docente.		
1.1. Por cada ano de experiencia docente na impartición da área ou materia de relixión, no mesmo nivel educativo ao que opta o/a aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.	1,000 puntos	Folla de servizos certificada pola administración educativa ou certificacións da/o secretaria/o do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade.
1.2. Por cada ano de experiencia docente na impartición da área ou materia de relixión, en distinto nivel educativo ao que opta o/a aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.	0,500 puntos	Folla de servizos certificada pola administración educativa ou certificacións da/o secretaria/o do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade.
1.3. Por cada ano de experiencia docente na impartición de calquera área ou materia distinta da relixión en centros públicos dependentes das administracións educativas.	0,125 puntos	Folla de servizos certificada pola administración educativa ou certificacións da/o secretaria/o do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento e especialidade.
II. Formación académica.	Máximo 10 puntos	
2.1. Posgraos, doutoramento e premios extraordinarios.		
2.1.1. Polo certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados (Real decreto 778/1998, do 30 de abril), o título oficial de máster (Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro), suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente.	1,000 puntos	Certificación académica ou fotocopia cotexada do título ou, se é o caso, do aboamento dos dereitos de expedición, conforme á Orde do 8 de xullo de 1998 (BOE do 13 de xullo).
2.1.2. Por posuír o título de doutor.	2,500 puntos	Certificación académica ou fotocopia cotexada do título de doutor ou, se é o caso, do aboamento dos dereitos de expedición, conforme á Orde do 8 de xullo de 1998 (BOE do 13 de xullo) e fotocopia do BOE na que se recolle a homologación.
2.1.3. Por premio extraordinario no doutoramento.	1,000 puntos	Documento xustificativo.
2.2. Outras titulacións universitarias. As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as alegadas como requisito para o acceso ás listas de interinidades ou substitucións, valoraranse da forma seguinte:		
2.2.1. Titulacións de primeiro ciclo:		
2.2.1.1. Por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, incluídos os referentes á materia de relixión recoñecidos pola confesión relixiosa e homologados pola administración pública.	1,000 puntos	Certificación académica ou fotocopia cotexada do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación de aboamento dos dereitos de expedición conforme á Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación.
2.2.2. Titulacións de segundo ciclo:		
2.2.2.1. Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo doutras licenciaturas, enxeñerías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes, incluídos os referentes á materia de relixión recoñecidos pola confesión relixiosa e homologados pola administración pública.	1,000 puntos	Certificación académica ou fotocopia cotexada do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación de aboamento dos dereitos de expedición conforme á Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
III. Formación e perfeccionamento. Máximo 6 puntos.		
3.1. Por cursos e outras actividades de formación superados ou impartidos relacionados coa ensinanza da relixión, organizados polas entidades relixiosas, as administracións educativas e outras institucións sen ánimo de lucro e recoñecidos ou homologados polas administracións educativas.	0,20 puntos por cada 10 horas	Certificado deles no que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. Deberá acreditarse, asemade, de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
3.2. Por cursos e outras actividades de formación, superados ou impartidos, organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro, que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións anteditas, así como os organizados polas universidades ou entidades eclesiásticas, non incluídos no apartado anterior.	0,10 puntos por cada 10 horas.	Certificado deles no que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
IV. Por ser desprazado ou desprazada por falta de horario.	6 puntos	

Disposicións complementarias

Primeira.-Unicamente serán baremados aqueles méritos perfeccionados ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Segunda.-Para os efectos do epígrafe I non se poderán acumular as puntuacións cando os servizos fosen prestados simultaneamente en máis dun centro docente.

Terceira.-Non se baremarán os servizos prestados no estranxeiro.

Cuarta.-Nos seguintes epígrafes, por cada mes de servizo súmanse as seguintes puntuacións:

-No epígrafe 1.1.: 0,083.

-No epígrafe 1.2.: 0,041.

-No epígrafe 1.3.: 0,010.

Quinta.-En ningún caso serán valorados polo epígrafe III aqueles cursos que teñan como finalidade a obtención dun título académico.

No apartado terceiro computaranse ademais dos cursos, as xornadas, congresos, grupos de traballo, seminarios permanentes e os proxectos de formación nos propios centros.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Anuncio do 24 de novembro de 2008, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, polo que se procede a darlle publicidade á resolución da mesma data, pola que se convoca, para vinculación temporal mediante nomeamento de interinidade, a cobertura dunha praza da categoría de facultativo especialista de área de oncoloxía médica.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, en virtude do establecido na Orde do 8 de maio de 2006, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve proceder ao anuncio da convocatoria para a vinculación temporal, mediante nomeamento de interinidade, dun facultativo especialista de área de oncoloxía médica.

A mencionada convocatoria estará exposta nos taboleiros de anuncios do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.